



RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA

1. CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO, presenta solicitude de inicio do procedemento de selección de persoas adxudicatarias das vivendas incluídas no expediente da vivenda de protección autonómica de réxime concertado número P09-VC-0002/25.

2. Trala comprobación da documentación achegada, queda acreditado cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas*, consonte co establecido nos artigos 32 e seguintes do citado Decreto 1/2010.

Á vista do exposto, e ao abeiro do artigo 5.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia,

RESOLVO:

1. Declarar a apertura do procedemento de selección de persoas adxudicatarias no expediente de vivenda protexida de promoción privada de réxime concertado núm P09-VC-0002/25.

As características da promoción son as seguintes:

Localización: Rúa Ribeira do Berbés núm.39 – rúa San Francisco núm. 2 , Vigo

Data da Cualificación Provisional: 29 de xullo de 2025

Forma de acceso: Compra

Número e tipoloxía das vivendas: 2 para quenda Xeral.

- R/ Ribeira do Berbés:
 - Tipo A . Planta baixa e 1ª, (95,31 m²): estancia maior-cociña, lavadoiro-tendal , dous dormitorios, un cuarto de baño e un aseo.
- R/ San Francisco:
 - Tipo B. Planta 1ª e 2ª , (106,30 m²): recibidor, estancia maior-cociña, dous dormitorios, vestidor e un cuarto de baño.



Anexos vencellados ás vivendas: Non

Prezos de venda (sen IVE):

Vivenda	Prezo vivenda
A	209.997,48 €
B	234.211,85 €

Forma de pagamento: Na data da escritura de compravenda.

2. Outorgar ás persoas interesadas que, na data desta resolución de inicio, estean inscritas e anotadas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do citado Decreto 1/2010. Non se admitirán solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de protección autonómica non resolto no que a persoa interesada figurase como reserva (de conformidade co artigo 39.2 do Decreto 1/2010).

3. Contra esta resolución non cabe interpoñer ningún recurso administrativo, aínda que as persoas interesadas, de conformidade co previsto no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderán realizar alegacións para opoñerse a el, sen prexuízo da posibilidade de recorrer a resolución que poña fin a este procedemento.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

José Manuel González González

